



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 14/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a vinte e oito de novembro de dous mil dezanove.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- GONZALO VEIRAS CASTRO.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- PAULA CASTENDA BLANCO.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 31 de outubro de 2019, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos que aprecia os erros seguintes:

Folla nº 15

Onde di:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

(...) o vixiante esta negro con como actúa o gabinete político da Deputación (...)

Debe dicir:

(...) o vixiante esta negro con como actúa o gabinete político da Deputación. Teño aquí o informe da policía local e a solicitude. Si o muro caeu solo. Si ao mellor aínda lle arrimou vostede (...)

Folla nº 16

Onde di:

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que seguramente o sabe mellor que vostede.

Debe dicir:

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que seguramente o sabe mellor que vostede.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que eu non metín ningunha pala, teña coidado co que di.

Folla nº 17

Onde di:

(...) non iamos acometelas no inverno e estamos pilladísimos para rematalas no mes de outubro por que despois son totalmente inviables. Esa é a súa maneira de facer as cousas. (...)

Debe dicir:

(...) non iamos acometelas no inverno e estamos pilladísimos para rematalas no mes de outubro por que despois son totalmente inviables. Esa é a súa maneira de facer as cousas. Algunha aínda se formalizou o contrato non hai moitas semanas. Foron hoxe ao replantexo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que dixeron que non as facían no inverno. Pasou todo o inverno, todo o verán.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estamos falando de obras que non lles chegou a posibilidade de contratar ata ben entrada a primavera. Canto tempo leva contratar. A vostedes lévalles tres anos, a nos con moita sorte do damos conseguido facer en tres meses.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que lles leva menos. As beirarrúas as fan máis rápido.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si claro como os CDRs, levantar levantan rapidamente. As beirarrúas foron unha preocupación importante dos veciños. Preocupáronse por iso, había que buscarlle unha solución e as sacaron adiante. Queiran ou non queiran, dóalles ou non lles doían. A súa maior satisfacción foi era que as beirarrúas nunca se viran feitas e que lles dise moito rédito político. Parece ser que os veciños de Ordes non o entenderon así o pasado 26/05/2019, por moito que trataron de apoiarse nelas e trataron de difamar sobre elas. Vostedes non especialmente, pero en certa medida tamén trataron de aproveitarse.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que sinala que o peor de todo foron os veciños.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que eles tamén son veciños.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ningún de vostedes se achegou ao concello a preguntar cal era a solución, que era o que estaba pasando realmente.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que el estivo alí nunha reunión co alcalde.
(...)

A acta da sesión ordinaria de data 31 de outubro de 2019, resultou aprobada por maioría de trece votos a favor, coa abstención do Sr. Mira Gómez, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coas correccións sinalada polo Sr. Vidal Ríos.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente non se da conta de ningunha actuación municipal.

- Notificación do acordo da Axencia Tributaria para enaxenación mediante poxa do campo de fútbol do Club de Fútbol Mesón do Vento. Finca rústica nº 1295 de concentración parcelaria de Ardemil, superficie 8.790,00 m². Tipo primeira licitación 110.000,00 €.
- Actualización do CIR en cantos a préstamos bancarios e dos Plans de Aforro e Investimento. A débeda viva actual a 28/11/2019 é de 1.149.400,00 €. Cancelouse o plan de pago a provedores de 05/12/2014. Quedan tres créditos co que é actualmente o Banco Santander. Os Plan de aforro e investimento correspondentes aos anos 15, 16, 17, 18 e 19 ascenden a 1.680.000,00 €, que non computan a efectos de débeda viva. A débeda total ascende a 2.833.300,00 €. A parte da Deputación non xera ningún tipo de xuros para as arcas do Concello.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

3. APROBACIÓN PLAN NORMATIVO ANUAL MUNICIPAL 2020 (ART. 132 LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, LPACAP).

Vista a proposta sobre Plan normativo municipal para o ano 2019.

Visto o disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcese as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Fernández Louro, voceiro do grupo político UxO, que sinala que votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que dado que se recolleron as súas propostas, obviamente van a votar favorablemente. Hai moito traballo para o ano que ven.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 1 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Aprobar o Plan normativo municipal do Concello de Ordes para o ano 2020.
2. Proceder á publicación do Plan Anual Normativo do Concello Ordes no Portal de Transparencia.

4. BONIFICACIÓN COTA ICIO, LICENZAS URBANÍSTICAS DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS.

Expediente de bonificación cota ICIO, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotacións agrogandeiras.

Visto o disposto no art. 5.1 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 230, de data 13/12/13).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 1 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar unha bonificación do **75% da cota do ICIO**, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotación agrogandeiras:

CASA RAÑA SAT Nº 1037 XUGA, con CIF nº V15710114, solicitude de data 23/10/2019, rexistro de entrada nº 201999900000730, de obras de ampliación de explotación agropecuaria existente de vacún de leite: construción de silos de formigón para forraxe [silo (543,40 m²), plataforma de formigón (94,84 m²)], en Lg. Lg. Ludiño, Pereira – ORDES (Parcela 338 ZCP Beán-Pereira II) (**Expdte. 166/2.019 – SIGEM**)

5. CESIÓN GRATUÍTA BEN PATRIMONIAL (ART. 109.2 DO R.D. 1372/1986, DE 13 DE XUÑO, RBEL).

O Pleno do concello, de data 29/09/2009, acordou aprobar o expediente de cesión gratuíta á Dirección General de Infraestructuras y Material de la Seguridad (Ministerio del Interior) do ben inmovible patrimonial (finca rexistral nº 22.734) propiedade deste Concello para a construción dun novo acuartelamento en Ordes.

Dito acordo establecía a condición de que o ben inmovible cedido debería ser destinado ao uso no prazo máximo de dous anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes. En caso de incumprimento dos prazos anteriores consideraríase resolta a cesión e reverterá aquel a esta Corporación Local con todas as súas pertenzas e accesións.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Como consecuencia da crise económica española (2008-2014) o Goberno do Estado nunca incluíu nos orzamentos xerais do Estado unha partida orzamentaria para a construción do Cuartel da Garda Civil en Ordes.

Polo Sr. Coronel Xefe da Comandancia da Garda Civil da Coruña comunicouse que polo Ministerio do Interior estase a tramitar un novo plan de infraestruturas de obras de construción, ampliación, reforma e mantemento de bens inmobles afectos aos fins da seguridade do Estado, no que se incluíría a construción dun Cuartel da Garda Civil en Ordes, sendo paso previo a posta a disposición do Concello de Ordes dos terreos.

Visto o disposto nos arts. 109, 110 e 111 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais

Vista a necesidade do posto da Garda Civil de Ordes de dispor dun edificio que albergue ao Corpo no municipio que reúna os requisitos operativos e habitabilidade necesaria para o correcto desempeño das súas funcións.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo. A urbanización na que se vai a ubican esta instalación que se remate dunha vez para que se poidan edificar os solares e exista máis espazo construtivo no concello.

Intervén o Sr. Fernández Louro, voceiro do grupo político UxO, que sinala que o seu grupo xa levaba esta proposta no ano 2009, a ben positiva. O seu voto vai a ser favorable.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non teñen ningún problema en ceder unha parcela municipal ao Ministerio do Interior para a construción do Cuartel da Garda Civil, pero en concreto esta que se quere ceder encóntranlle un problema, que é a cesión dun ben nunha urbanización inacabada sobre a cal non se pode construír. Calquera veciño que ten alí unha parcela resultante da parcelación desta urbanización pide unha licenza maña para facer unha vivenda e non pode obrar por que non lle dan licenza. O Ministerio vai a ter licenza maña se pide licenza para a construción do Cuartel da Garda Civil en Ordes nunha parcela desa urbanización. Entende que non. Non ven claro ceder esta parcela. Habería que ceder outra, compráronse unhas parcelas no Piñeiro, que igual son máis acaídas que esta. Ceder unha que a día de hoxe está na situación urbanística na que está urbanización para que non se poida facer nada. Estarían de acordo coa cesión duna parcela na que se puidera obras, dado que se cede unha nesa situación van a absterse. Non sabe se se vai a rematar a urbanización. Levamos uns cantos anos nesta situación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o voto deste goberno vai a ser favorable. A urbanización ten que rematarse. A persoa responsable da execución da urbanización déuselle un prazo que se notificou por escrito para o seu remate, se non o fai nese tempo o seguinte paso que vai a dar o concello é rematar o trámite da urbanización con fondos municipais que se consignarán na partida oportuna e despois repercutir a costa dos bens nesta urbanización deste propietario ou outros dos que sexa titular para dar obrigado cumprimento á obriga que no seu momento adquiriu con todos os propietarios desta unidade de actuación. O prazo remata en decembro. A finca da UE 13 da que estamos a falar si conta con todos os servizos pola súa fronte e tamén pola outra rúa, aínda que non está completa a totalidade da urbanización desta



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

unidade de execución. Existen informes dos técnicos municipais, como de Espina y Delfín, están a espera de que o responsable da urbanización dea garantía do subministro eléctrico para poder recepcionar definitivamente a urbanización. Van a esperar que remate ese prazo a ao longo do vindeiro ano será o concello o que tome cartas no asunto para dar unha solución definitiva a esta urbanización que leva paralizada case vinte anos no nosos municipio. Espera que o Ministerio cumpra con ese compromiso que adquiriu con Concello de Ordes no ano 2009. A predisposición por parte do comandante do posto de A Coruña é boa. Que se lle vai a dar prioridade ao cuartel de Ordes na previsión de actuacións no territorio nacional pola situación loxística que ten na provincia de A Coruña.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría absoluta de doce votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de cesión gratuíta á Gerencia de Infraestructuras y Equipamiento de la Seguridad del Estado (GIESE) (Ministerio del Interior) do ben inmueble patrimonial (finca rexistral nº 22.734) propiedade deste Concello para a construción dun novo acuartelamento en Ordes.

2º.- Abrir un trámite de información pública, por prazo de quince días, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios deste Concello, a efectos de presentación de alegacións por calquera interesado.

6. DEDICACIÓN DUNHA RÚA AO FILLO PREDILECTO RAMÓN CARRO ROMERO.

Co fin de premiar a actividade empresarial desenvolvida pola empresa CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L. que se traduciu nun beneficio económico e social para este municipio, o Pleno do Concello, de data 27/04/2010, acordou nomear ao seu propietario **D. RAMÓN CARRO ROMERO**, fillo predilecto do Concello de Ordes.

Todos os fillos predilectos do Concello de Ordes ademais dos honores e distincións que lles outorga o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Ordes, teñen dedicada unha rúa, un parque, un paseo ou un edificio público municipal, co seu nome.

Ramón Carro Romero, ata o día do seu falecemento tivo fixada a súa residencia no Municipio de Ordes, en Rúa Nova, 12.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que por tratarse da rotulación dúa rúa dun familiar vai absterse neste punto.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non van a por obxeccións. Como a calquera outra fillo predilecto correspóndenlle unha honras. Recórdanlle ao Sr. Alcalde o compromiso que se adquiriu no ano 2017 a una proposta do PSOE de dar un nome a unha rúa ou edificio municipal a D. Gerardo



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Paz Conde, nacido en Ordes e que chegou a Ministro da Marina na 2ª República e foi alcalde da Coruña.

Intervén o Sr. Fernández Louro, voceiro do grupo político UxO, que sinala que non se van opor a ningunha proposta de homenaxes a persoas que crearon emprego e riqueza no concello.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que van absterse.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político UXO, 1 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (2 grupo político BNG, Sr. Viqueira Nouche), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

A rotulación do tramo de rúa Nova (entre rúa Rosalía de Castro e rúa de Galicia) que pasará a denominarse rúa Ramón Carro Romero.

7. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro de 2.019, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

8. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Non se formula ningunha moción

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Na beirarrúa sita na rúa dos Lagartos, nº 18, existe una lousa rota que pode xerar risco de tropezóns e accidente nos viandantes, coa conseguinte responsabilidade patrimonial da Administración Local por tropezo. Adxunto fotografía do lugar.

Por todo elo, instamos ao Sr. Alcalde:

A que se repoña a lousa rota, e namentres non se repoña se coloque algún elemento sinalando o perigo de tropezóns ou caída na zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se trata dunha lousa que este rota, é unha arqueta do alumeadado público, debaixo esta a caixa da rede de conexións do alumeadado. Suben cos vehículos encima da beirarrúa e rompe ao facer carga. Son moitas as que temos ao longo do ano. Xa seu traslado á empresa de mantemento do alumeadado público. Fai un chamamento aos condutores de respecto e non subir ás beirarrúas. Vai a iniciarse unha campaña de control coa correspondente sanción aos vehículos que se atopen subidos ás beirarrúas nas próximas semanas. É especialmente escandaloso a situación que se da na rúa da Canteira ou na subida da rúa Campomaioir.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, que sinala que xa de paso que se fai esa campañas de control, que tamén se inclúa a comprobación do estacionamento en liñas amarelas, illotes.

Intervén o Sr. Fernández Louro, voceiro do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes:

- No campo de fútbol de Vista Alegre algúns usuarios que frecuentan esta instalación comunicáronlle a esta formación política se habería posibilidade de cubrir de algunha maneira o camiño de acceso que vai dende o aparcadoiro ata o campo de fútbol de herba artificial así como as pistas de atletismo.

Por todo elo, solicitamos ao Sr. Alcalde:

Que se estude a posibilidade de cubrir este tramo para que os usuarios non se mollen cando entren ou saian destas instalacións deportivas municipais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vamos a tomar en consideración esta petición, aínda que non estaba incluída por parte de ningún dos grupos nas valoracións de cara aos próximos orzamentos 2020. Vai a valorarse e despois decidirán en función do custe. Se non pode ser 2020 quedará para cando se poida executar.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Nas inmediacións do CEIP Mesón do Vento, existe unha caixa xeral de protección da liña que alimenta ao colexio, sen a debida tapa de protección.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Esta situación constitúe un perigo a veciñanza en xeral, ademáis de poder derivar nunha avaría que deixe sen subministro eléctrico ó centro educativo.

Por todo iso instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A se lle dea traslado á Consellería de Educación para que solventen dita cuestión.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta actuación a vai a solventar a empresa de subministro. Xa ten unha caixa provisional dende que presentaron o rogo, vai a poñerse unha tapa ou cambiar a caixa completa.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- O pasado xoves 14 de novembro a media mañá, numerosas construcións víronse danadas polo fortísimo vento. Este desastre ocasionado polo temporal require sumar esforzos para que o concello, como institución na que está representada a cidadanía de Ordes, sexa a primeira canle para tentar minimizar os danos sufridos polas persoas afectadas.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A elaborar unhas bases de axudas para os danos ocasionados polo temporal que azoutou o concello de Ordes o pasado 14 de novembro de 2019, nas que se sufrague unha porcentaxe dos custos da reparación dos mesmos nas construcións afectadas.

A recoller nos presupostos do ano 2020, unha partida orzamentaria para financiar ditas axudas.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que dos danos producidos o pasado xoves 14 de novembro o concello fíxose cargo da xestión da uralita e limpeza das vías públicas nas parroquias de Poulo e Barbeiros. Están acumuladas 21 Tm de uralita e cascallos, cun custe de 15.000 €. Respecto da base de axudas a lexislación di que é competencia do Goberno do Estado a declaración de zona afectada por una emerxencia e da Xunta de Galicia a concesión de axudas para necesidades derivadas de situacións de emerxencia de natureza catastrófica. Que estas axudas de natureza catastrófica teñen o carácter subsidiario ou complementario de calquera outro sistema de cobertura de danos dos que poidan ser beneficiarios os afectados. As entidades locais carecen deste tipo de competencias. Suxerímoslle que se reconvirta o rogo nunha solicitude á Xunta de Galicia para que aprobe unha liña de axudas para os municipios rurais galegos con construcións rurais afectadas polo temporal.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que aceptan a proposta como engádego ao seu rogo, que se pode incluír como un punto a maiores. Dise que non hai competencias pero o concello cada ano saca unhas bases de axudas para a compra de material escolar e tampouco cree que a educación sexa unha competencia municipal. Posibilidade real haina, outra cousa é ter vontade.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que habería que tramitar un procedemento de autorización de duplicidade de axudas. Neste caso imaxina que están a falar de axudas que se necesiten inmediatamente tras unha situación deste tipo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que podería ser incluso unha axuda a posteriori. Unha vez que teñas pagado e contes coas facturas. Habería que aprobar unhas bases para a concesión e sufragar unha porcentaxe do gasto. É unha proposta que fan.

- O pasado xoves 21 de novembro saíron publicadas no BOP as bases reguladoras para a selección de persoal laboral temporal dun técnico en xestión cultural. Dito anuncio, aínda que foi publicado nas redes sociais, non figura na páxina web municipal nin na sede electrónica do concello de Ordes (lembrando a este respecto que estáselle esixindo á cidadanía, especialmente ás personalidades xurídicas, a que empreguen a sede electrónica para os seus trámites).

Así mesmo, o pasado 22 de marzo de 2018, publicouse no BOP a aprobación dunha oferta de emprego público para unha praza de administrativo e dúas de policía.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se anuncien na páxina web municipal e na sede electrónica do concello de Ordes, as bases reguladoras para a selección de persoal laboral temporal dun técnico de xestión cultural, publicadas no BOP do 21 de novembro de 2019.

A que se nos informe de cando se van a publicar as bases reguladoras para a oferta de emprego público publicada no BOP o pasado 22 de marzo de 2018.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o apartado primeiro xa esta cumprido. As bases reguladoras da OEP 2018 están en redacción, estase a negociar coa representación sindical a OEP para o ano 2020 con todas as prazas, na que estará incluída esta á que fai mención.

- Coa chegada do outono e o mal tempo as pistas comezan a acumular follas, restos de polas, ...etc., o cal contribúe a aumentar a distancia de freado, elevando ao mesmo tempo o risco de accidentes.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguintes.

A que se proceda á limpeza das pistas que presenten maior acumulación deste tipo de restos, diminuindo así o risco de accidentes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se dará traslado á brigada de obras para ver que actuacións se poden facer.

- Nas obras das beirarrúas da Rúa Alfonso Senra, no seu encontro coa Rúa de Galicia, tal e como se pode apreciar nas fotografías que se achegan, atopámonos cunha solución chapuceira e que mesmo pode xerar perigo aos viandantes por tropezo ou escorregar.

Estamos a falar de unha obra (Rúa de Galicia) executada recentemente, e outra obra (Rúa Alfonso Senra) aínda en execución, nas que non é de recibo comulgar con esta situación; entendendo que o goberno municipal debe tomar cartas no asunto e esixir unha axeitada resolución deste punto singular.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que non se reciba a obra das beirarrúas da Avenida Alfonso Senra, namentres non se solucione axeitadamente o encontro das súas beirarrúas coas da Rúa de Galicia, esixindo á dirección da obra o estudo da resolución deste punto singular.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a recepción de obra non se pode condicionar polo goberno ou oposición municipal por que ten que ir acorde á orde de axudas, ten que realizarse para poder cobrar a axuda. Xa se fixo unha rectificación da colocación que foi inicial. Observe a situación anterior das obras na rúa Galicia e rúa Alfonso Senra cando a tapa facía esquina e agora se tivo que deixar colocada na parte alta e houbo que darlle as augas o bombeo cara o exterior. Non foi fácil resolver a situación no lugar. O feito de facer o saínte do paso de peóns vai a resolver a circulación. Se o punto queda conflictivo tratarase de colocar unha varanda nese punto para que a xente non xire, hai espazo suficiente para circular. A solución das pendentes e augas é moito mellor que antes a calquera destas obras.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que é unha beirarrúa en rúa de Galicia executada recentemente, agora está en execución a de Alfonso Senta, entenden que este tipo de solución cando hai dúas obras novas non é de recibo. A solución que apuntan é quitar esas lousetas e meter unha parte fixa de fábrica e logo despois unha varanda. Querer aproveitar aí ese chanzo entenden que é perigoso.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- En relación coa adquisición e obras dun terreo adxacente á igrexa de Parada.

Preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Como se adquiriu o terreo? ¿En caso de compra, canto custou?.

¿En canto esta orzamentada a obra de acondicionamento deste terreo?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi unha compravenda aprobada pola Xunta de Goberno Local, de data 10/11/2017, por importe de 19.997,00 €. O acondicionamento do terreo está incluído nos orzamentos do ano 2019, aprobadas as obras pola Xunta de Goberno Local de 24/05/2019, por importe de 48.363,00 €.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- En relación coas obras no CEIP Mesón do Vento.

Preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

¿Que traballos quedan por executar, en que datas se preven executar e finalizar as obras no pavillón?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha actuación contemplada integramente nos orzamentos de 2019, terá que estar rematada e certificada nesta anualidade. Durante a execución o círculo perimetral, a base da pista polideportiva inicial tiña baldosa e terra. Houbo que levantar todo iso e facer unha nova soleira ata os muros perimetrais da instalación o que retrasou a colocación do pavimento vinílico, para cumprir uns mínimos de humidade da actuación. fíxose unha apertura temporal, recepción parcial. O vindeiro 02/12/2019 vai a procederse á colocación do pavimento vinílico, se o tempo vai ben a previsión é que se poida facer a apertura da instalación o 10/12/2019.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Con respecto ás concesións de prestación de servizos.

Preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Hai algunha que caducase durante o ano 2019 ou vaia caducar nos anos 2019-2020?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que con data de finalización 23/03/2019 a xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria con posibilidade de prórroga ata o 23/03/2022 e que exista acordo entre as partes e non se denuncie cunha antelación de seis meses. A explotación do punto limpo que rematou o 23/03/2019 con prórroga ata o 23/03/2020. O 20/04/2020 remata a concesión da Residencia de Maiores, xa presentaron unha solicitude de nova prórroga.

- O servizo de dependencia estase prestando desde a mancomunidade de concellos de Ordes.

Por todo isto preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Cales son os tempos medios de espera?.

¿Cantas persoas hai sen servizo?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, que sinala que dende que se ten concedida como máximo unha semana. As que non están concedidas depende da Xunta de Galicia, unhas épocas vai máis rápida outras veces máis de seis meses. Sen servizo concedido unha persoa, o resto é imposible, están nun programa informático. Non se sabe como obter o número de solicitudes.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte horas e trece minutos do día ao principio sinalado, e



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO